

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E ENTES INSTRUMENTAIS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

En Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

REUNIDOS

Dunha parte DNA. SONIA RODRÍGUEZ-CAMPOS GONZÁLEZ, actuando en nome e representación da *ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA* (en adiante EGAP), na súa condición de directora nomeada polo Decreto 146/2012, do 12 de xullo (DOG nº 134 do 13 de xullo) e en virtude das facultades que lle confire o artigo 9 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP.

Doutra, D. FRANCISCO MENÉNDEZ IGLESIAS, actuando en nome e representación da *SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A.* (en adiante SPI Galicia, SA), creada en virtude do Decreto 56/1997, do 6 de marzo (DOG núm. 55, do 20 de marzo) no seu carácter de Presidente, en virtude das facultades que lle confiren os estatutos da sociedade e o acordo do Consello de Administración do día 21 de decembro de 2018.

Doutra, a DNA. ANA ISABEL VÁZQUEZ REBOREDO, actuando en nome e representación da *FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA* (en adiante FCC), con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, con NIF G15721640 e inscrita no rexistro de fundacións de interese galego co número 73, no seu carácter de Directora Xerente, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación en data do 16 de decembro de 2016, poder escriturado o 19 de decembro de 2016 ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia don Héctor Ramiro Pardo García, con número de Protocolo 1.689.

Doutra, D. PABLO ARBONES MACIÑEIRA, actuando en nome e representación da *EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A.* (en adiante SEAGA), creada en virtude do Decreto 260/2006, do 28 de decembro (DOG núm. 13, do 18 de xaneiro de 2007), na súa condición de director-xerente, segundo acordo do Consello de Administración da sociedade pública Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. do día 9 de marzo de 2.010, elevado a público ante o notario Manuel Remuñán López, en Santiago de Compostela, o día 17 de marzo de 2.010, co seu número de protocolo 441.

Doutra, D. RUBÉN AGUIÓN SEOANE, actuando en nome e representación de *XESGALICIA, Sociedad Gestora de Entidades de Inversión de Tipo Cerrado, S.A.U.* (en adiante XESGALICIA), co C.I.F. A/15674203 domiciliada en Santiago de Compostela, rúa Ourense núm. 6, constituída por tempo



indefinido en escritura pública outorgada o 18 de marzo de 1999 ante o Notario de Santiago de Compostela, Don José Antonio Montero Pardo, co número 688 de orde do seu Protocolo e Inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña, ao tomo 2.192 do Arquivo, Sección Xeral, folio 41, folla nº C-21.886, Inscrición 1ª. Inscrita, tamén, no Rexistro Administrativo de Sociedades Xestoras de Entidades de Capital-Risco, co núm. 12, na súa condición de Director Xeral, cargo para o que foi nomeado polo Consello de Administración de data 21 de outubro de 2020, elevado a público mediante escritura de data 28 de outubro de 2020, outorgada polo Notario de Santiago, Don Francisco López Moledo, baixo o núm. 2.762 de Orde do seu Protocolo. Inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela ao tomo 190, folio 174, folla nº SC-21.886.

Doutra, DON ALFONSO CABALEIRO DURÁN, actuando en nome e representación de *GALICIA CALIDADE, S.A.U.* con domicilio para os efectos de notificacións en Edificio Administrativo San Lázaro- Edificio Igape- 3º Andar, Santiago de Compostela, constituída en escritura outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio da Coruña, Don Manuel Perexil Cambón, o 17 de xullo de 1995, correspondente ao número 957 do seu protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña, ao Tomo 1711, da Sección Xeral, folio 134, folla C-15.034 e NIF A-15522212, na súa calidade de Director Xerente, está facultado para este acto en virtude das facultades outorgadas ao seu favor na escritura de poderes de data 2 de xullo de 2013 autorizada polo notario D. José Manuel Amigo Vázquez co número 1612.

Doutra, D. MIGUEL RODRÍGUEZ QUELLE, actuando en nome e representación de *REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A.* (en adiante RETEGAL), creada en virtude do Decreto 58/1997, do 20 de febreiro (DOG núm. 56, do 21 de marzo), na súa condición de director xerente, segundo consta na escritura pública outorgada ante o Notario de Santiago de Compostela, D. Héctor R. Pardo García, o día 16 de xuño de 2015, co número 1.059 da súa orde de protocolo, inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela e na súa condición de apoderado en virtude das facultades outorgadas para este acto mediante acordo do Consello de Administración do día 17 de xullo de 2018.

Doutra, D. ALFONSO SÁNCHEZ IZQUIERDO, actuando en nome e representación da *CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.* (en adiante CRTVG), con NIF A-15073349 e con domicilio social en Bando-San Marcos, s/n, Santiago de Compostela, en calidade de Director Xeral, segundo acordo do 4 de xaneiro de 2016 do Consello de Administración da CRTVG, S.A., en virtude de competencias e funcións atribuídas polo artigo 26 da Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e polo artigo 22 dos estatutos sociais.

E doutra, D. JAVIER DOMÍNGUEZ LINO, actuando en nome e representación da *SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A.* (en adiante SOGAMA), con domicilio social en Morzós 10,



Cerceda e n.º de NIF A-15379803, segundo escritura de poder outorgada ante a notaria da Coruña Mª Mercedes Bermejo Pumar, con data 12 de febreiro de 2015 e número de protocolo 141/2015 .

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o seguinte Convenio de Colaboración e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.

SEGUNDO.- Que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

TERCEIRO.- Que SPI Galicia SA, FCC, SEAGA, XESGALICIA, GALICIA CALIDADE, RETEGAL CRTVG e SOGAMA son entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas na alínea b) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e institucións públicas autonómicas (LOFAXGA).

CUARTO.- Que todas as partes consideran de interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo a través deste convenio.

En virtude do exposto e recoñecéndose todas as partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste convenio entre a EGAP e as demais entidades é a colaboración e o desenvolvemento conxunto das actividades de carácter formativo que se relacionan no seu anexo, actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativos de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de todas as partes.



SEGUNDA.- Actuacións

A EGAP e as demais asinantes, en virtude do disposto neste convenio, colaborarán na organización, desenvolvemento e financiamento das actividades relacionadas no seu anexo.

TERCEIRA.- Requisitos e documentación que está obrigada a achegar a entidade promotora da acción formativa

1. As entidades promotoras de accións formativas deberán remitir ao servizo de Programación das actividades de Formación da EGAP unha memoria explicativa na que se faga referencia aos seguintes extremos:

A. Indicación da persoa responsable da tramitación ante a EGAP.

B. Número de asistentes de cada unha das entidades asinantes. Debe ser necesariamente persoal ao seu servizo.

2. Unha vez recibida a memoria, a EGAP a examinará e comprobará o cumprimento dos anteditos requisitos. No caso de que se cumpran, así llo comunicará á entidade promotora quen, a continuación, deberá manifestarlle á EGAP o prazo de matrícula cunha antelación suficiente ao comezo da acción formativa de cara a que a EGAP poida publicar no *Diario Oficial de Galicia* e/ou na páxina web da EGAP a convocatoria da actividade formativa e os alumnos poidan matricularse, o que deberán facer na área de matrícula da EGAP <https://egap.xunta.gal/matricula>.

3. Así mesmo, as entidades promotoras de accións formativas deberán remitir ao servizo de Programación das actividades de Formación da EGAP, no momento de finalizar a actividade formativa e no prazo máximo de dous meses, unha memoria- resumo que faga referencia aos seguintes aspectos:

a) Relación certificada de participantes que cumpran os requisitos necesarios para ter dereito á expedición do certificado. Para os efectos de obtención do certificado de aproveitamento, relación certificada de participantes indicando a avaliación do alumnado.

b) Resultado global das enquisas de valoración realizadas polos participantes.

c) Controis de asistencia. Para os efectos da expedición dos certificados, son de aplicación os requisitos de asistencia previstos pola EGAP.



CUARTA.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións á que corresponderá a concreción, o seguimento, a interpretación e a avaliación das accións derivadas deste convenio.

Nesta comisión actuarán como representantes por parte da EGAP, a persoa responsable da secretaría xeral, ou persoa en quen deleguen; e por parte das restantes entidades, os propios asinantes, ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións desta Comisión Mixta de Seguimento:

- 1.- Velar polo cumprimento do convenio.
- 2.- Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas deste convenio.
- 3.- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- 4.- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- 5.- En xeral, as que o artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, lle atribúe o órgano de vixilancia e control.

QUINTA.- Orzamento

Para o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio, a colaboración entre as partes organizase do seguinte xeito:

- A EGAP colaborará coa posta a disposición das súas instalacións, dos seus medios telemáticos e co seus medios persoais e materiais.
- As restantes entidades asinantes colaborarán economicamente coa achega dun importe con cargo aos seus orzamentos, mediante unha transferencia bancaria ao tesouro da EGAP que será realizada inmediatamente despois da sinatura do convenio. Logo de recibir as ditas transferencias, a EGAP tramitará unha modificación orzamentaria nos seus propios orzamentos. O dito importe é o reflectido na táboa recollida no Anexo I que ten en conta o número de alumnos que se reserva para cada unha daquelas
- No caso de que non se cubran as prazas unha vez reservadas, serán aboadas igualmente pola entidade correspondente. A reserva inicial establécese no Anexo I.



SEXTA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a EGAP.

SÉTIMA.- Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre a totalidade das creacións resultado deste convenio, son titularidade conxunta da EGAP e das restantes entidades asinantes.

As partes necesitan a autorización expresa das outras para proceder á edición, representación, gravación e reprodución audiovisual, informática, ou por calquera outro medio, formato o soporte, do resultado e dos materiais froito do desenvolvemento do proxecto.

OITAVA.- Modificación, Denuncia e Resolución do Convenio

As partes poderán modificar ou resolver este convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar este convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará á outra para resolvelo, cos efectos que legalmente procedan.

NOVENA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, pola lexislación en materia de contratos das administracións públicas, polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Terase en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en especial no que se refire á publicidade deste convenio.

De conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento deste convenio de colaboración, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.



DÉCIMA.- Consentimento das partes en materia de protección de datos

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e mailo resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, as persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas deste consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

UNDÉCIMA.- Vixencia

A vixencia deste convenio estenderase dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021, podendo ser prorrogado por acordo entre as partes ata un máximo de 4 anos.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese o presente no lugar e data arriba indicados.

*Pola Escola Galega de
Administración Pública,*

*Pola Fundación Cidade da Cultura de
Galicia,*

Dna. Sonia Rodríguez-Campos González

Dna. Ana Isabel Vázquez Reboredo.

*Pola Sociedade Pública de Investimentos de
Galicia, S.A.,*

*Por Redes de Telecomunicación Galegas
Retegal, S.A.,*

D. Francisco Menéndez Iglesias.

D. Miguel Rodríguez Quelle.

*Por Empresa Pública de Servizos Agrarios
Galegos, S.A.,*

*Por XESGALICIA, Sociedad Gestora de
Entidades de Inversión de Tipo Cerrado,
S.A.U.,*

D. Pablo Arbones Maciñeira.

D. Rubén Aguión Seoane.



Por *Galicia Calidade S.A.*,

Por *Corporación Radio e
Televisión de Galicia S.A.*,

D. Alfonso Cabaleiro Durán.

D. Alfonso Sánchez Izquierdo

*Pola Sociedade Galega
do Medio Ambiente, S.A.*,

D. Javier Domínguez Lino





ANEXO I. Orzamento por entidade e Plan de Cursos.

RELACIÓN DE CURSOS	ORZAMENTO POR EDICIÓN/30 PRAZAS	ORZAMENTO DOCENCIA	ORZAMENTO XESTIÓN	PRAZAS RETEGAL	IMPORTE RETEGAL	PRAZAS FCC	IMPORTE FCC	PRAZAS SPI	IMPORTE SPI	PRAZAS SEAGA	IMPORTE SEAGA	PRAZAS XESGALICIA	IMPORTE XESGALICIA	PRAZAS GALICIA CALIDADE	IMPORTE GALICIA CALIDADE	PRAZAS CRTVG	IMPORTE CRTVG	PRAZAS SOGAMA	IMPORTE SOGAMA	PRAZAS TOTAIS	PRAZAS ATA 30 MINIMO	HORAS
Os contratos do sector público	783,60 €	633,60 €	150,00 €		0,00 €		0,00 €	1	23,75 €	10	237,45 €	3	71,24 €		0,00 €	17	403,67 €	2	47,49 €	33	33	24
Incompatibilidades do persoal empregado público de Galicia	582,00 €	432,00 €	150,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €	1	48,50 €		0,00 €		0,00 €	11	533,50 €		0,00 €	12	30	18
A protección do menor ante os medios de comunicación	1.029,00 €	840,00 €	189,00 €		0,00 €	2	58,80 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €	33	970,20 €		0,00 €	35	35	30
Prevenção e xestión de conflitos	750,00 €	600,00 €	150,00 €		0,00 €	3	160,71 €	1	53,57 €	8	428,57 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €	2	107,14 €	14	30	25
A calidade da redacción administrativa. Técnicas para unha boa redacción dos documentos administrativos	630,00 €	480,00 €	150,00 €		0,00 €	5	185,29 €	1	37,06 €	8	296,47 €		0,00 €	1	37,06 €		0,00 €	2	74,12 €	17	30	20
Protocolo avanzado	630,00 €	480,00 €	150,00 €		0,00 €	5	136,96 €	1	27,39 €		0,00 €		0,00 €	2	54,78 €	15	410,87 €		0,00 €	23	30	20
Como deseñar presentacións eficaces	842,80 €	688,00 €	154,80 €		0,00 €		0,00 €	1	19,60 €	6	117,60 €	1	19,60 €	2	39,20 €	31	607,60 €	2	39,20 €	43	43	20
Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft Office 2010)	2.254,00 €	1.840,00 €	414,00 €		0,00 €	5	245,00 €	1	49,00 €		0,00 €	3	147,00 €	2	98,00 €	32	1.568,00 €	3	147,00 €	46	46	50
Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft Office 2010)	882,00 €	720,00 €	162,00 €		0,00 €		0,00 €	3	105,84 €		0,00 €		0,00 €	2	70,56 €	19	670,32 €	1	35,28 €	25	30	30
Aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc)	1.470,00 €	1.200,00 €	270,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €	1	86,47 €	16	1.383,53 €		0,00 €	17	30	50
Lingua inglesa nivel básico 2 (nivel 4)	1.936,00 €	1.936,00 €	0,00 €		0,00 €		0,00 €	1	66,76 €	3	200,28 €		0,00 €	3	200,28 €	19	1.268,41 €	3	200,28 €	29	30	50
Lingua inglesa nivel intermedio 1 (nivel 5)	2.068,00 €	2.068,00 €	0,00 €		0,00 €		0,00 €	5	206,80 €	4	165,44 €		0,00 €	3	124,08 €	35	1.447,60 €	3	124,08 €	50	52	50
Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	882,00 €	720,00 €	162,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €	14	823,20 €	1	58,80 €	15	30	30
A nova regulación do teletraballo	950,00 €	650,00 €	300,00 €		0,00 €		0,00 €	1	118,75 €	4	475,00 €		0,00 €	1	118,75 €		0,00 €	2	237,50 €	8	20	10
A axilidade na contratación pública: contratación menor e procedemento aberto simplificado	975,00 €	975,00 €	0,00 €		0,00 €	4	278,57 €	1	69,64 €	6	417,86 €		0,00 €	3	208,93 €		0,00 €		0,00 €	14	30	15
A Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia	750,00 €	600,00 €	150,00 €		0,00 €	3	281,25 €	1	93,75 €		0,00 €		0,00 €	1	93,75 €		0,00 €	3	281,25 €	8	30	25
Ferramentas da linguaxe xestual, corporal e oral. Técnicas de comunicación para falar mellor en público	975,00 €	975,00 €	0,00 €		0,00 €	3	292,50 €	1	97,50 €	4	390,00 €		0,00 €	1	97,50 €		0,00 €	1	97,50 €	10	30	15
Creación e edición de arquivos dixitais con Acrobat XI Pro	735,00 €	600,00 €	135,00 €		0,00 €	6	735,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €	6	30	25
Sistema operativo, busca de información internet/intranet e correo electrónico (Windows 10)	882,00 €	720,00 €	162,00 €		0,00 €	13	882,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €	13	30	30
Os convenios de colaboración: elaboración e tramitación	630,00 €	480,00 €	150,00 €		0,00 €	2	210,00 €		0,00 €	2	210,00 €		0,00 €	1	105,00 €		0,00 €	1	105,00 €	6	30	20
TOTAL	20.636,40 €	17.637,60 €	2.998,80 €	0	0,00 €	51	3.466,09 €	19	969,41 €	56	2.987,17 €	7	237,84 €	23	1.334,36 €	242	10.086,91 €	26	1.554,64 €	424		
TOTAL PARA OS EXECUTADOS	0,00 €				0,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €			





RELACIÓN DE CURSOS	PRAZAS	HORAS
Os contratos do sector público	33	24
Incompatibilidades do persoal empregado público de Galicia	30	18
A protección do menor ante os medios de comunicación	35	30
Prevención e xestión de conflitos	30	25
A calidade da redacción administrativa. Técnicas para unha boa redacción dos documentos administrativos	30	20
Protocolo avanzado	30	20
Como deseñar presentacións eficaces	43	20
Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft Office 2010)	46	50
Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft Office 2010)	30	30
Aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc)	30	50
Lingua inglesa nivel básico 2 (nivel 4)	30	50
Lingua inglesa nivel intermedio 1 (nivel 5)	52	50
Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	30	30
A nova regulación do teletraballo	20	10
A axilidade na contratación pública: contratación menor e procedemento aberto simplificado	30	15
A Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia	30	25
Ferramentas da linguaxe xestual, corporal e oral. Técnicas de comunicación para falar mellor en público	30	15
Creación e edición de arquivos dixitais con Acrobat XI Pro	30	25
Sistema operativo, busca de información internet/intranet e correo electrónico (Windows 10)	30	30
Os convenios de colaboración: elaboración e tramitación	30	20

